



FOLLA DE ADHESIÓN ATTAC/GALICIA

Desexo integrarme en ATTAC-Galicia en calidade de socio, para o que declaro coñecer suficientemente os Estatutos da Asociación.

Nome e apelidos

D.N.I.Data nacemento:

Rúa:CidadeC.P.

Telf. :Correo electrónico:

Dentro dos fins de ATTAC, ¿cales son os temas ou cometidos en que che gustaría participar?

En , a de de

Asinado:

DOMICILIACIÓN DE RECIBOS EN BANCO OU CAIXA

Sr. Director:

Prégolle que se sirva cargar na miña conta, ata novo aviso, os recibos que en concepto de cuota de asociación presentará ATTAC-Galicia.

Titular conta

Nome banco ou caixa

Dirección da Oficina

Código Conta Cliente

Entidade	Oficina	DC	Número de conta

Autorizo a ATTAC/GALICIA a que domicilie ó meu cargo un recibo trimestral pola cantidade de: 4.5 euros (Estudiantes, desempregados)
12 euros
outra cantidade euros.

En , a de de

Asinado:

Extracto dos Estatutos de ATTAC–España, subscritos pola asemblea constituínte de ATTAC-Galicia celebrada o 26 de maio de 2001:

1. ATTAC é un MOVEMENTO INTERNACIONAL DE CIDADÁNS, cunha actividade, en consonancia cos principios enumerados a seguir, que ten como meta resolver as tráxicas consecuencias derivadas da globalización económica baixo a hexemonía do poder financeiro e dos especuladores (paro, exclusión, miseria,...).
2. Como movemento de cidadáns, a razón de ser da organización é a participación responsable de tódolos asociados en igualdade de condicións e sen privilexios de ningunha clase.
3. ATTAC-España é unha asociación cívica para a reflexión política e a autodefensa da sociedade fronte ó poder financeiro. Deste xeito, a pesar de priorizar as necesidades dos máis febles, non é un sindicato, porque non trata de reivindicacións profesionais; non é un partido, pois non pretende ocupar o poder político; non é unha ONG, pois non canaliza fondos públicos nin privados para aliviar ou resolver situacións concretas.
4. Os fundamentos organizativos de ATTAC-España son os seguintes:
 - a) Co fin de evitar calquera posible desviación da asociación das súas metas cívicas cara a outros fins ilexítimos, aplicaranse os seguintes principios:
 - Evitarase o profesionalismo nas actividades de ATTAC, de xeito que os seus socios, no desenvolvemento destas actividades e, especialmente, no exercicio dos seus cargos internos, non recibirán ningunha contraprestación. Exceptúase o abono dos gastos que lles cause esta actividade e a contratación da actividade profesional dalgún socio para un traballo ou servizo concreto.
 - Exclúese e prohíbese todo tipo de subvención, pública ou privada. A financiación de ATTAC-España estará baseada nas cuotas dos asociados e nas achegas destes.
 - A duración dos cargos non poderá superar os dous anos, sen posibilidade de reelección consecutiva máis alá dese prazo.
 - Os membros dos órganos de representación e xestión non poderán ostentar duplicidade de representación con cargos públicos ou organizacións partidistas.
 - b) Os órganos de participación directa dos socios son as Asembleas das Asociacións integrantes de ATTAC- España, As Agrupacións Locais destas Asociacións integrantes e as Comisións abertas á participación de tódolos socios.
 - c) As decisións tomaranse, en tódolos ámbitos das asociacións integradas en ATTAC-España, a través de Asembleas de tódolos asociados.
 - d) Por último, rexeitamos a violencia como práctica para a solución de conflitos e reivindicamos a non violencia como método de acción.